


*ACONTECEMENTOS DO ANO*

...

*Fotos de:*

*Estudios Blanco*

*Fersal*

*Gabín*

*Arume*

*«La Voz de Galicia»*

*«El Ideal Gallego»*



*A «Casa Grande de Guiliade», coñecida tamén como «Casa dos Espiñeira» por ter sido residencia ó longo do s. XIX e parte do s. XX de varios alcaldes de Betanzos desta familia, aínda que orixinariamente os Espiñeira proceden de Aranga.*

*1 de novembro de 1986*



*Ainda que con retraso, recollemos aquí a noticia da presentación do libro «Tratado de Derecho Cambiario, Letra, Pagaré y Cheque» do que é autor o betanceiro, don Antonino Vázquez Bonome. O acto tivo lugar no Colexio Provincial de Abogados da Coruña. Presidiron o presidente da Audiencia Territorial, don José Cora Rodríguez, o vicedecano do Colexio, don César Torres Díaz e o secretario da Xunta de Goberno do Colexio, don Gabriel Nieto y Alvarez-Uría. O autor donou á Biblioteca Municipal de Betanzos, adicado á súa cidade, un exemplar.*

*19 de xaneiro de 1987*



*Por xubilación da farmacéutica dona Amalia Leis Bugallo, titular da «Farmacia Leis», que ocupou durante 22 anos a praza de inspectora farmacéutica do distrito de Betanzos (Concellos de Betanzos, Coirós e Paderne), pasou a ocupar o dito cargo a doctora en Farmacia dona María Luisa Couceiro Seoane que é ademáis «técnico bromatólogo» pola Universidade de Madrid e Diplomada Nacional de Sanidade. Pertence a unha familia de gran raigame na profesión, sendo na actualidade a titular da «Farmacia del Doctor Couceiro» na Rúa dos Prateiros, documentándose a súa existencia xa a comenzos dos. XVIII. Desde o Anuario desexámoslle que teña o mellor dos éxitos, cousa que non dubidamos, e ó mesmo tempo felicitamos a dona Amalia Leis pola súa brillante laboura de tantos anos.*

*6 de febreiro de 1987*

*«La zona de Urgente Reindustrialización: ayudas económico-financieras para las empresas» foi o tema dunha charla-coloquio que tivo lugar na Aula de Cultura de Caixa Galicia, onde se rexistrou unha masiva afluencia de público e que presidiu o Alcalde, don Manuel Lagares Pérez. Formaban asimesmo parte da mesa: o director-xerente de ZUR-Galicia, don José Luis Lagares; a economista e responsable da oficina executiva da subzona de Ferrol, dona Ana Fernández Pulpeiro; o subdirector Xeral do Banco de Crédito Industrial de Galicia, don Angel Rodríguez; o xerente de SIGALSA, don José Luis Sáenz de Urtubi, e o enxeñeiro industrial, técnico da oficina executiva de Ferrol, don José Luis de Andrés.*



*9 de febreiro de 1987*

*Neste día, no cementerio de Catabois (Ferrol) tivo lugar o enterro de don Enrique Riego Lomba que era director xerente da factoría «Terrazos Riego Betanzos, S.L.». Durante moitos anos foi a súa unha das poucas industrias con que contou Betanzos e nela atoparon e atopan traballo moitas persoas da cidade, polo que ben merece a nosa lembranza e recoñecemento.*




*7 de marzo de 1987*

*Neste día tivo lugar no local social do Partido Socialista de Galicia-PSOE, P.S. de G.-PSOE., a presentación da candidatura deste partido ás eleccións municipais. A súa composición foi esta: don Manuel Lagares Pérez, actual alcalde da cidade; don Andrés Beade Dopico, don Antonio Salvador Lagares Pérez, dona María Asunción Sánchez Vázquez, don Antonio Carro Galeiras, don José Domínguez Rivas, don Francisco Manuel Díaz Pereira, dona María José Ortiz Iglesias, don José Ramón García Vázquez, don Carlos Romay Dopico, don Manuel Justo Vázquez Míguez, don José Antonio López García, don José Doporto Diz, don Antonio Pardellas Prado, don Hipólito Valiño Espido, don Roberto Ferreño Otero e don José Barral Ares. Como suplentes: don Plácido García Campos, don José Ramón Roel Cobelo e don Gustavo Sánchez López.*

*13 de marzo de 1987*

*Unha Orde da Consellería de Sanidade e Seguridade Social do 12 de febreiro declara a extinción da fundación do Hospital de San Antonio de Padua e, agora apróbase nun pleno do Concello, unha moción da Alcaldía pola que o Hospital e os seus bens incorpóranse ó patrimonio municipal.*




*Finais de marzo de 1987*

*Betanzos, coma outras cidades máis de Galicia viuse invadida por unha manifestación pacífica de tractores en protesta pola declaración da cota leiteira...*



*4 de abril de 1987*

*Dase a coñecer na prensa que don Ricardo García Gondell, que fora teniente de alcalde na primeira Corporación Democrática, será cabeza de lista na candidatura do Partido dos Traballadores-Unidade Comunista, P.T.G.-U.C., ás eleccións municipais. Os demais membros da lista son: don Felipe Oñate Rodríguez, don Luis Eustaquio Matalobos Sobrado, don José Maceiras Naveira, don Evangelino Manuel Mantiñán Suárez, don Jesús Torres Loureda, don Manuel Fernández Villar, don José Antonio López González, don José García Lagoa, don Manuel Torres Díaz, don José Antonio Lagoa Seoane, don José Angel Mantiñán Suárez, don Fernando Montero Ibáñez, don Adolfo Touceda Ucha, don José Manuel Lage García, don Ovidio López Martínez e don Francisco Ríos Codesido. Como suplentes: don Víctor Manuel Bonome Villar, don Tomás Díaz Paz e don Manuel Robles Salgado.*

*4-5 de abril de 1987*

*Estes días estaban previstos para que tivesen lugar na Praza do Campo a «II Festa do Viño de Betanzos», pero, despois do pregón da mesma, feito polo caricaturista de «La Voz de Galicia» e director do programa «Antena Galega» de Antena 3, Siro López, os organizadores e o Alcalde decidiron, diante do mal tempo que había, repetir a festa o seguinte fin de semana. Os organizadores son os mesmos do ano pasado, e dicir, os propios cosecheiros dos que é presidente don Tomás López Loureda e que seguiu contando coa colaboración dos mestres de EXB, don Luis Otero (autor ademais do cartel) e don Andrés Gómez. Contaron con axudas do Concello de Betanzos, da Diputación, de Caixa Galicia e da Xunta de Galicia. Participaron 20 cosecheiros e puxéronse á venda uns 15.000 litros de viño ó mesmo precio que o ano pasado. A augardente, nembargantes, subiu, posto que se vendeo a 1.000 ptas litro. Don Agustín Buyo Cortés levou o primeiro premio ó millor viño tinto e blanco; don Luis López Mahía-Vales levou o 2º de viño tinto e don José Doporto o 3º.*




# Pregón da Festa do Viño de Betanzos, 1987

Excmas. autoridades, donas, señores, amigos todos:

Calquera dos meus devanceiros ferroláns que, hai trescentos ou catrocentos anos, cando Ferrol era o centro comercial e Betanzos dos Cabaleiros a capital da provincia, chegara a esta vila en tempo de vendimia, quedaría, sen dúbida, apreixado na beleza da paisaxe, adoviada cos acios dourados nas monterías, e, estoupando de ledicia, berraría apaixoado:

—¡Alegrádevos tripas, que aí ven o viño!

I é que os baceis madurecidos son, ademais de testemuña dunha cultura ancestral, dunha sabencia secular transmitida de pais a fillos, toda unha promesa de sensualidade.

¡Ouh, o viño! ¡Sangue e luxuria da terra, agasallo xeneroso que os homes souberon apreciar en calquera tempo e lugar!

Xa na Palestina bíblica prantou Noé unha viña e gorentouse co seu viño, non ben se retiraron as augas do Diluvio. E Xacob, ao abenzoar ao seu fillo Xudá, comparou co viño a dozura dos seus ollos. E Salomón, sabio entre os sabios, recomendaba beber viño a cantos sentiran o corazón ferido de melancolías.

Tamén na vella China, o poeta Tu-fu escorrentaba con viño a pantasma da Morte:

—*«¿Queda máis viño na xarra?*
*¡Deixádeo caer desde ben alto na cunca*
*e que o seu canto non deixe ouvir ese vento*
*de morte que asubía nos meus osos ocos!».*

E nas Españas de hai trescentos anos, aquel poeta tan crítico que foi Baltasar Gracián, non dubidaba en cantar a súa orixe divina:

*«Con dos tragos del que suelo*
*llamar yo néctar divino,*
*y a quien otros llaman vino*
*porque nos vino del cielo».*

Do Olimpo lles chegara aos gregos por medio de Baco, que deprendera de Sileno a ciencia do viño, e das Musas o canto e a danza.

Baco é, con toda xusticia, a divinidade pagana máis admirada e querida. El conquistou a India cun exército de mozos e mozas, que non tiñan outras armas máis que os tirsos e os címbalos e os tambores. Diante ía el, coroado de acios, e formaban o seu séquito os sátiros, bailando nas patas de castrón; e Pan, asubiando na flauta pastoril; e Aristeo, de tan doce sorrir que inventou o mel. Foi esta a única conquista que non costou unha pinga de sangue, poisque os povos se sometían ditosos a un invasor que lles daba leis sabias e ensinaba a arte de cultiva-los campos e face-lo viño.

Mesmo por eso, amigos, a ninguén debe extranar que patriarcas, profetas, curadores, filósofos e poetas coincidiran en sina-la las excelencias do gorentoso celme das vides. Entre eles —¿cómo non?— o noso Ramón Cabanillas:

*«sangue do corazón da nosa terra*
*que arrecende a mazáns e rosas bravas,*
*quence os peitos e as almas alumea,*
*e sabe a bicos de mociña nova,*
*aldeana e trigueira».*

Si; coma bicos de mociña nova son os viños galegos, ledos compañeiros de viaxe que solprenden gratamente ao catador cunha variedade de sabores, só comparable á sempre grata variedade das nosas paisaxes.

Non resultan chispóns os viños galegos, e, porén, ¿reparáchedes en cantos son os nomes que damos á bebedeira? Na memoria de todos están **borracheira, talanqueira, cogorza, cuba, turca, mona, merluza, sopa, tallada, trompa, pancada, carpanta, tablón, tranca, melopea,** e tantos, tantísimos outros que demostran que ás veces empinámo-lo codo máis da conta.

Pero Beber, aínda que sexa algo demais, non é pecado; non pode selo. Pecado —¡e grave!— é agua-lo viño.

Quevedo soñou un Inferno ateigado de taberneiros, aos que non se lles permitía achegarse ao lume, por medo de que o apagaran.

E unha cantiga popular explica:

*«Casou o viño coa auga*
*e así a cousa lles saeu;*
*nin viño foi máis viño,*
*nin volveu a auga ao seu».*

¡Vila afortunada a de Betanzos, rica en augas e viños, con fontes e bodegas de sona, onde nunca houbo a «Rúa dos Bautizados» e sempre existíu a «Cofradía de Santa Sede».

Os Mendo e Mandeo, que se axuntan en tenra aperta para adoza-lo mar na ría, e tan ben coñecen a historia da antiga Brigantium, empoleirada no castro de Untia, contan a quen saiba ouvilos —poisque os ríos son coma camiños falangueiros— da inmensa regalía que supuxo o viño destas terras, sinalada no escudo heráldico do Concello cos seis «tortillos», en representación das outras tantas monterías que arrodean a vila. Viño forte que chegaba a tódolos recantos de Galicia e aínda lonxanas Américas.

Eu gosto imaxinar ao Conde don Ferán Pérez de Andrade, cabeleiro en rexa montura, a refresca-la gorxa e tirar do canavelo o pó dos camiños, á volta da cacería.

E a dona Mariana de Neoburgo, moza casadeira en compomiso co rei Carlos II, naquela noite de abril, hai cáseque trescentos anos, en Betanzos recuperando folgos para o camiño no Pazo Lanzós, cunhas «sopas de cabalo canso», de pantrigo, zucre moreno e bo viño da terra.

E ao señor don Xacome III, rei da Inglaterra, pernoctando acó, de paso á Coruña, no mes de abril de 1719, que voltou no de maio, teño para min por ficar preso no engado dos bos caldos betanceiros.

E a dona Xosefa Queipo de Llano, viuda do mártir liberal Porlier, recluida no Colexio das Orfas, dando un bico longo a unha cunca de viño de Betanzos, naquelas horas tristes que seguiron á execución do home, para sair logo en trunfo cara á Coruña a celebra-la proclamación da Constitución.

Así, no marco incomparable dos seus viños, que gozaron do recoñecemento e protección dos mesmísimos Reis, gosto eu imaxina-los intres máis emotivos da historia de Betanzos. As páxinas máis belidas das súas crónicas e lendas teñen o mesmo arrecendo de eternidade que o viño feito amorosamente no silencio da adega.

Saudades de tempo pasado, saudade dun viño que se foi cando os vellos baceis caeron feridos de morte polo «oidieum» primeiro, o «mildeu» despois, e, derradeiramente, a «filoxera».

Pero quedou a terra, a boa terra das monterías, e as mans e o saber dos viñateiros de Betanzos. E queda tamén o seu amor a este viño de hoxe, fráxil coma un neno recén nado, e que, mesmo por eso, precisa tódolos agarimos e coidados. A terra e os homes son garantía de continuidade.

Ademais, hai campás que coas súas bateladas melloran o viño nos lagares. Facíao a campá da Torre

Berenguela da catedral compostelana, rota e muda desde hai anos, e estou certo de que o son vagoroso e doce dos sinos de S. Francisco, Sto. Domingo e Santa maría do Azogue, fano tamén.

Alvaro Cunqueiro, que tanto sabía do divino e do humano, afirmaba que San Roque leva nos ollos viño para dar ao mundo, e na cabaza do bordón auga que non esgota nunca. Hoxe ollei o San Roquiño en Santo Domingo, e vin no seu ollar a maxia dos baceis betanceiros, o brillo churrusqueiro do viño novo, o riso inocente, cordial, amizoso do vaso cheo de branco ou tinto, a contraluz.

¡Ata os santos dos altares louvan en Betanzos o aquel inesquecible deste viño lixeiro, de boca ancha e agulla solta, que festexamos hoxe!

Cingamos a nosa fronte coas follas das vides, que é a coroa dos risoñas, e que o viño encha de ledicia as nosas bocas e as nosas almas.

¡Noraboa a todos! Siro López



*10 de abril de 1987*

*Dase a coñecer na prensa que don José Hipólito Loureda Pereira, membro da actual Corporación Municipal en representación do Grupo Independiente, será quen encabece a candidatura do «Centro Democrático y Social», CDS, ás eleccións municipais. Os demais membros da lista son: don Manuel Rivera Pedreira, don José Manuel Villaverde Crespo, don Pedro Vía Amor, don José Gómez Vidal, don Manuel Barallobre Tomé, doña Carmen María García Martín, don Manuel Porcas Buyo, don Enrique Dopico López, don Manuel Pedro Rodríguez Rodríguez, don José Angel Moreira Vales, don Antonio Agustín Golpe Maceiras, don Jesús Lence Lobeiras, don José Manuel Santos Cobelo, don José Faraldo Pérez, don Pedro Santos Sánchez e don Manuel de los Reyes Sánchez Sánchez. Como suplentes: doña Carmen Guerra Mosquera, don Roberto González Noguerol e don Isidro Amador Amor Fernández.*



*10 de abril de 1987*

*No Centro da Xuventude tivo lugar a presentación da 2ª edición de «O 36 na Galiza», editado por A Nosa Terra. Interviron: Don Francisco Pillado, don Dionisio Pereira e o betanceiro don Xesús Torres Regueiro. Este último, que colabora na publicación co traballo «Betanzos 1936», falou sobre a II República e os acontecementos de 1936 en Betanzos. O remate estableceuse un animado coloquio entre os asistentes, algúns deles testigos daquela etapa histórica.*



*5 de maio de 1987*

*Dase a coñecer na prensa que don Vicente de la Fuente García, que fora o segundo Alcalde da era democrática por Unión de Centro Democrático, será cabeza de lista na candidatura de Alianza Popular, A.P., ás vindeiras eleccións municipais. Con el, completan a candidatura: don Jaime Alberto Pita Varela, don Víctor García Castiñeira, don Luis Sánchez González, don Manuel José Basteiro Fernández, don Angel Pastor Casal Otero, dona María Lourdes Asunción Vía Maceiras, dona María Barallobre Tomé, don Manuel Crespo Naveira, don Saturnino Rodríguez Rey, don Manuel Rey Casal, don Manuel Prado Carro, dona María Raquel Sánchez Barreiro, don Fernando Anegon Rodríguez, don José Manuel Espiñeira Torres, don José Antonio Prado Busto e don Francisco Gabriel González Suárez. Como suplentes: dona María del Carmen Sánchez Barreiro, don Manuel Fraga Prado e dona María Josefina Montero Prieto.*



*5 de maio de 1987*

*Coñeceuse a presentación da candidatura de Coalición Progresista Galega, C.P.G., ás eleccións municipais encabezada polo marino mercante, don Enrique Vicente Carro Vales. Completaban a lista: don Rafael Vales Vales, don José Villarnovo Faraldo, dona María Fernanda Rojo Freire, dona María del Carmen Carro Iglesias, don Manuel Salvador Fernández Vidal, don José Faraldo Buyo, don Juan Manuel Villaverde Núñez, don Hilario García Presedo, don Adolfo Luis Otero Pena, don José Manuel Cachaza Faraldo, don José Angel Casal Rey, don José Illobre Martínez, don José Francisco Pita Carro, don Fernando Francisco Pérez Iglesias, don José Luis Vales Carro e don Alvaro Roel Sánchez. Como suplentes: dona María Begoña Cerrillo Ortiz, dona Ana María Freijomil Anea e dona María del Pilar Vázquez Bonome.*

*Comenzos de maio de 1987*

*De acordo coa Orde Ministerial de 12 de abril de 1984 pola que se dispuxo a creación dunha administración de Facenda en Betanzos, despois das obras de rehabilitación conseguintes no antigo pazo de Bendaña, abre as súas portas ó público. A súa xurisdicción afectará ós municipios de: Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne, Pontedeume, Sada e Vilarmaior.*



*22 de maio de 1987*

*Baixo a presidencia do Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar, na sala capitular do Concello, o acto de presentación do Anuario Brigantino 1986, número 9. Presentouno don Ramón Lorenzo Vázquez, catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, vicedirector do Instituto da Lingua Galega, académico da R.A. Galega e autor da última edición da Crónica Troiana, cuia versión galega mandara facer Fernán Pérez de Andrade ó seu «clérigo et capelán» Fernán Martis (s. XIV).*

*27 de maio de 1987*

*No antigo Hospital de San Antonio unos 50 empresarios da comarca brigantina reuníronse con don Vicente de la Fuente García, candidato á Alcaldía por Alianza Popular, con obxecto de coñecer a oferta electoral desta candidatura. A reunión asistiu o subdirector xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.*

*Maio de 1987*

*Don Manuel Lagares Pérez, alcalde de Betanzos, foi homenaxeado polos alcaldes de Barrio do Concello en recoñecemento á súa xestión ó frente da Corporación Municipal.*

*5 de xuño de 1987*

*As 10 da noite, no teatro Alfonsetti tivo lugar un mitín de Alianza Popular como acto central da súa campaña ás eleccións municipais, interviron: don Jaime Alberto Pita Varela, portavoz do partido no Concello, quen presentou ó número un da lista, don Vicente de la Fuente García; don José Manuel Romay Beccaría, presidente do partido na provincia da Coruña e candidato á presidencia da Excma. Diputación Provincial, e dona María Jesús Sáinz, conselleira de Educación da Xunta de Galicia.*

*7 de xuño de 1987*

*Don Xosé Antón García González-Ledo, autor de diversos traballos artísticos e de investigacións, moitos deles relacionados con Betanzos e a súa comarca ven de ser nomeado membro numerario da «Sociedad Española de Estudios Medievales» pola súa dedicación ó estudio da heráldica galega. Desde o Anuario Brigantino dámoslle a nosa felicitación por ese merecido recoñecemento.*

*8 de xuño de 1987*

*As 10 da noite, no cine Capitol tivo lugar o acto de peche de campaña electoral do Partido Socialista de Galicia-PSOE. O mesmo estivo amenizado polo cantante Suso Vaamonde e a continuación interviron: dona María José Ortiz Iglesias, secretaria xeral das Xuventudes Socialistas, don Manuel Lagares Pérez, alcalde do Concello e número un da lista, e don Antolín Sánchez Presedo, parlamentario galego e secretario xeral do partido en Galicia.*

*10 de xuño de 1987*

*Con toda normalidade celebráronse as eleccións municipais. Como resultado das mesmas o Partido Socialista de Galicia-PSOE obtivo a maioría absoluta con 12 concellais; Alianza Popular, catro; Centro Democrático e Social un; o Partido Comunista dos Traballadores ningún, e Coalición Progresista Galega ningún. Mais información en «Administración Municipal».*

*25 de xuño de 1987*

*Na Biblioteca Pública Municipal «Castelao» tivo lugar a segunda xuntanza de bibliotecarios da Coruña Norte: Betanzos, Cambre, Fene, Ferrol, Narón, Neda e Oleiros. Tratouse da problemática a tódolos niveis das bibliotecas e decidiuse seguir mantendo estas xuntanzas dentro dun plan concreto de traballo que precisamente se aprobou aquí, tendente a plasmar os resutados nunha publicación futura.*

*30 de xuño de 1987*

*O Pleno da Corporación Municipal celebrou unha sesión de carácter extraordinario, ás 20,30 horas, na que se constituiu a nova Corporación Municipal e se elexiu Alcalde a don Manuel Lagares Pérez en virtude das últimas eleccións municipais. Mais información en «Administración Municipal».*



*6 de xullo de 1987*

*Víctima dunha rápida enfermidade faleceu a coñecida e popular vendedora de prensa dona América Rodríguez Martínez. Con ela vanse décadas de ver pasar á xente pola Porta da Vila e ver cambiar o seu Betanzos: o «Kiosko de América» leva xunto ó Palco da Música aproximadamente desde os anos trinta. Unha lembranza agarimosa para ela.*

*16 de xullo de 1987*

*Coñécese pola prensa que don Osvaldo Dans Varela foi nomeado presidente do «Centro Betanzos de Buenos Aires», nunha reunión celebrada recentemente na que se remodelou o esquema directivo, que quedou do seguinte xeito: don Francisco Vidal, vicepresidente; don Daniel Lema, secretario xeral; dona Palmira Rodríguez, tesoureira; don Manuel Crespo, contador; don José Otero, secretario de actas; dona Clementina G. de Crespo, pro-secretaria; don Francisco Morano, pro-tesoureiro e don Manuel Quintián, pro-contador. O «Centro Betanzos de Buenos Aires» é unha sociedade cultural e recreativa de gran presencia naquela gran cidade. Para ela, os mellores desexos desde Betanzos.*

*16 de xullo de 1987*

*Don Alejandrino Fernández Barreiro e don Manuel Lagares Pérez, conselleiro de Cultura e Benestar Social e Alcalde de Betanzos, respectivamente, firmaron en Santiago un convenio para a construcción e ulterior uso do gran centro cultural que se ubicará no antigo convento de Santo Domingo. Mediante este convenio, a Consellería de Cultura e Benestar Social comprométese a subvencionar ó Concello de Betanzos o remate das obras coa cantidade de 10 millóns de ptas. Pola súa parte o Concello comprométese a que no dito centro se instale a Biblioteca, o Arquivo e o Museo con suxección á normativa vixente das ditas institucións, e a mantelos nas mellores condicións para o cumprimento dos seus fins culturais ademais de ceder gratuitamente o uso das instalacións á Xunta de Galicia para o desenrolo de actividades culturais sempre que o necesite e previa solicitude ó Concello.*

*17 de xullo de 1987*

*O Alcalde e outros membros da Corporación recibiron no Concello ós membros da «Sociedad Española de Estudios Medievales» que celebraron unha sesión de traballo na Aula de Cultura de Caixa Galicia.*



*23 de xullo de 1987*

*Nunha reunión no Xulgado de Betanzos da Xunta Electoral de Zona, foi elexido deputado provincial polo Partido Xudicial de Betanzos o betanceiro don Antonio Salvador Lagares Pérez xunto con don Ramón Rodríguez Ares, de Sada. Don Antonio Salvador Lagares Pérez naceu en Betanzos o 6-VIII-1949. Está casado e ten dous fillos. E profesor de E.X.B. no Colexio Público «Francisco Vales Villamarín» de Betanzos e antes foino no Colexio Público «San Marcos» de Abegondo onde foi secretario e director do centro.*
*Foi secretario xeral comarcal da Unión Xeral de Traballadores, secretario xeral da Agrupación Socialista de Betanzos do PS de G-PSOE, e primeiro presidente da Asociación de Veciños dos Remedios «A Ponte Vella» da que hoxe é presidente de honra. Na actualidade é secretario xeral da comarca «As Mariñas Betanceiras» do P.S. de G-P.S.O.E. que abarca 13 municipios e membro do Comité Nacional galego (órgano máximo entre congresos do P.S. de G-PSOE).*
*Foi concellal e teniente de alcalde nas dúas corporacións municipais anteriores. Entre 1983-87 exerceu as funcións de portavoz do Grupo Municipal Socialista, delegado de Urbanismo e Medio Ambente, presidente das comisións de Territorio e Medio Ambente, Especial de Vivendas Sociais e presidente do Consello de Acción Rural. E membro do Consello Escolar do Instituto de B.U.P. en representación municipal. Hoxe é primeiro teniente de alcalde e sigue tendo básicamente os mesmos cargos no Concello.*
*Como deputado provincial no período 1983-87 foi membro das comisións de Cultura, Deportes e Turismo, Agricultura, Gandeiría e Repoblación Forestal, e Economía e Facenda. Foi portavoz do Grupo Provincial Socialista.*
*Hoxe é portavoz suplente do seu grupo e membro das comisións de Economía e Facenda, Cultura, Deportes, Sanidade e Benestar Social, e Protocolo. Como cargo autonómico foi e sigue sendo vocal por elección do Patronato da Mellora do Medio Rural.*
*Na fotografía saudando á Súa Maxestade o Rei de España, don Juan Carlos I, nunha recepción no Pazo de Mariñán á Comisión de Goberno Provincial da Coruña o 1 de xuño de 1987.*

*30 de xullo de 1987*

*Este día, don José Manuel Romay Beccaría tomou posesión do cargo de Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña. Don José Manuel Romay naceu en Betanzos o 18 de xaneiro de 1934. Seu pai foi don Emilio Romay Montoto, quen fora Alcalde de Betanzos de 1924 a 1929, sendo a partir deste ano Presidente da Excma. Deputación Provincial, cargo que posteriormente tamén ocuparía de 1939 a 1950, ano en que falece ostentando o dito cargo. Súa nai, que sigue residindo en Betanzos, é dona Mercedes Beccaría Loureda. Don José Manuel Romay fixo os seus primeiros estudios na súa cidade natal, primeiro na escola de dona Paquita Zuolaga, logo con dona Irene García e don Manuel Rodríguez, todos eles prestixiosos mestres dos anos 40. En 1942 empeza os estudios no «Colegio Apóstol Santiago» dos «Padres Jesuitas» de Vigo, onde cursa todo o bacharelato ata aprobar o «Examen de Estado» na Universidade de Santiago de Compostela en 1951 con Premio Extraordinario, acontecemento que, por certo, foi recollido polo Anuario Brigantino daquel ano xunto cunha fotografía súa. De 1951 a 1956 cursa a carreira de Dereito, obtendo 25 «Matrículas de Honor» e un Sobresaliente. En 1953 asiste a un curso de verán na Universidade Internacional Menéndez Pelayo de Santander e nos veráns de 1954 e 1955 amplía estudios nas universidades alemanas de Kiel e Heidelberg. Licénciase en 1956 con Premio Extraordinario. Ese mesmo ano obtén o Premio Nacional Calvo Sotelo ó mellor expediente académico da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago. Tamén en 1956 obtén unha beca da Fundación Juan March para desenrolar un traballo sobre «La naturaleza jurídica de la concentración parcelaria». Durante o curso 1956-1957 realiza en Santiago os cursos de doctorado en Dereito e imparte clases de Dereito Administrativo como Profeesor Encargado de Curso. A finais de 1957 trasládase a Madrid para preparar as oposicións a ingreso no corpo de «Letrados del Consejo de Estado», no que obtén praza nos primeiros meses de 1959.*

*En xullo de 1959 cásase con dona Pilar de la Colina Unda e fixa a súa residencia en Madrid para atender ás obligacións do corpo ó que pertence. Ten cinco fillos.*

*Durante os anos 1960-63 colabora en diversos traballos do «Gabinete de Estudios para la Reforma Administrativa» da Presidencia do Goberno e noutros relativos a Urbanismo dentro da «Gerencia de Urbanización». Publica un estudio sobre «Expropiación forzosa e política de suelo». En 1963 é nomeado «Secretario General de Sanidad» (con categoría de Director Xeral). Durante esta etapa na Dirección Xeral de Sanidade realízanse as primeiras vacunacións masivas contra a poliomielitis e*



*apróbase un plan para a erradicación da tuberculose; confecciónase un «Censo de Hospitales»; acométese un «Plan de Mejora de Hospitales», e elabórase un «Reglamento» de funcionamento. Nestes anos pronuncia conferencias e publica diversos traballos sobre temas sanitarios. En 1966 cesa como «secretario general de Sanidad» e recibe a «Gran Cruz de Sanidad», voltando ó «Consejo de Estado». En 1969 ocúpase de novo de temas urbanísticos, dirixindo o equipo que prepara a reforma da «ley del Suelo», que sería aprobada en 1975. Por eses anos recibe o nomeamento de «Hijo Predilecto de Betanzos».*

*En 1973 ocupa durante uns meses a dirección do «Instituto de Estudios de Administración Local» e en xaneiro de 1974 é nomeado «Subsecretario de la Presidencia del Gobierno». E nesa etapa cando se crea MUFACE e se extende á Función Pública a cobertura da «Seguridad Social». En 1974 participa nun libro colectivo editado pola universidade inglesa de Nothingam sobre «El Derecho de la Ordenación del Territorio en Europa».*

*En 1975 foi chamado por Don Manuel Fraga Iribarne para ocupar a Subsecretaría do Ministerio da Gobernación. O cesar don Manuel Fraga como «Ministro y vicepresidente para Asuntos del Interior», volta ó «Consejo de Estado», onde sigue ata 1982. Logo do seu cese no Ministerio da Gobernación, a Súa Maxestado o Rei, distinguiuno coa «Gran Cruz de Isabel la Católica».*

*En 1982 faise cargo da vicepresidencia do primeiro Goberno Autónomo de Galicia. Du-*

*rante o ano que permaneceu no cargo sentáronse as bases da nova Administración Autonómica e negociáronse a maior parte das transferencias de servicios que recibiu a Xunta de Galicia.*
*En outubro de 1982 é elexido Deputado ó Congreso en representación de Alianza Popular pola provincia da Coruña. Representando ó seu Grupo Parlamentario participa en tódolos debates de presupostos (Ministerios de Obras Públicas y Urbanismo», Administración Territorial, «Sanidad», Fondo de Compensación Internacional) e en Leis tales como as de «Función Pública», «Régimen Local», «Cesión de Tributos del Estado», «Fondo de Compensación Interterritorial», Sanidad, reorganización da Administración do Estado, etc.*
*En 1986 o Congreso Provincial elixeo Presidente Provincial de Alianza Popular da Coruña e o Congreso Nacional, membro do «Comité Ejecutivo Nacional». Nas eleccións xerais de xuño obtén de novo un escaño de Deputado ó Congreso. En 1987 é elexido Vicepresidente Nacional do seu Partido e, deste xeito, chega ás eleccións locais do mesmo ano polas que é elexido, como xa se dicho, Presidente da Excma. Deputación Provincial.*

*3 de agosto de 1987*

*Chegou ó aeroporto compostelano de Labacolla unha expedición de emigrantes betanceiros residentes na Arxentina. Algúns deles había máis de 50 anos que non pisaban Galicia. Por ese motivo o Concello, co Alcalde e outros membros da Corporación organizau un recibimento especial. ¡Benvidos!*

*12 de agosto de 1987*

*Na Sala Capitular do Concello tivo lugar o acto de recepción das 12 tablas dos Apóstoles que pertenceron ó antigo Hospital de San Antonio de Padua e son unha copia do apostolado de Rubens, datadas no s. XVII. Nos últimos tempos foron restauradas pola restauradora coruñesa, dona Beatriz Martínez-Barbeito quen fixo unha brillante laboura desde o punto de vista técnico, complementada ademais cun importante traballo de investigación. O acto estivo presidido polo teniente de alcalde, don Antonio Lagares Pérez, acompañado do delegado de Cultura, don Francisco Díaz Pereira e outros membros da Corporación. O 13 de agosto inaugurouse na Sala de Arte do Banco de Bilbao a mostra ó público das tablas, cuio acto de presentación estivo presidido polo Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez. Unha vez que rematen as obras de rehabilitación do antigo Convento de Santo Domingo as tablas serán expostas permanentemente no Museo das Mariñas.*



*14 de agosto de 1987*

*As 20,30 na Praza da Constitución tivo lugar a coroación da Raíña das Festas de San Roque, dona Loreto Vilela Benito, por parte do Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez. Acto seguido, don José Antonio Míguez Rodríguez pronunciou o pregón das festas.*

# ¡Betanzos es una fiesta!

Ilustrísimas autoridades, Reina de las fiestas y damas de vuestra corte, pueblo de Betanzos:

Cuando hace pocas semanas el Presidente de la Comisión de Fiestas, con la aprobación de los rectores municipales, me comunicó el deseo de que fuese yo el pregonero de las que van a celebrarse este año a partir del día de hoy, para honrar, como es costumbre tradicional, al glorioso patrono San Roque, tuve unas ligeras y justificadas dudas en cuanto a la aceptación del encargo. No era yo tal vez la persona más idónea para este honroso menester, encomendado casi siempre a personajes de relieve en el campo de las letras gallegas, o a ilustres estudiosos foráneos, especialistas de renombre en lo que toca al arte, a la historia y a la cultura de este país. En mi haber sólo contaban verdaderamente dos cosas: mi participación en la vida común con vosotros, sirviendo modestamente a la ciudad durante treinta y cinco años, y mi colaboración en las tareas educativas y formativas de vosotros mismos, regidores de la ciudad, y de tantos y tantos jóvenes que ya son hoy hombres de bien, ciudadanos ejemplares en el ejercicio de su propia ciudadanía. ¡Pobre de mí!, como dice la coplilla navarra; ¡pobre de mí!, repito por segunda vez, jubilado como me encuentro de mi quehacer docente, que ya apenas valgo para otra cosa que no sea deambular con sosiego, cargado de «morriña», por las viejas calles de la ciudad y llenar mi espíritu de reflexiones vagas, inconcretas, quizá un punto ilusorias todavía —¡todavía!— sobre este trance que a todos nos llega de la vejez, y de la vida que en ella, y por ella, inexorablemente se consume. Otra duda, y ésta la más importante, y la que a mí más me atenazaba, era la referida a la conveniencia misma del pregonero. Siempre pensé, queridos betanceiros, que el pregón de vuestras fiestas está hecho, porque Betanzos es una invitación permanente a la fiesta, una fiesta única, real y verdadera, que se prolonga durante el año y que, para los que aquí vivimos, queda resumida en el espíritu de entrega, alegre y participativo de sus gentes, en el alborozo callejero que nunca cesa, en el talante liberal, cordialísimo y humano —talante constante de diálogo y de ágora— que a todas horas enseñorea y define a la ciudad. Si esto es así, el pregón, como digo, está hecho, y el pregonero parece estar de más, o realmente sobra, pues bastante tiene con observar a su alrededor y recoger de cerca los ecos lúdicos de ese latido ciudadano, de esa explosión de vida hacia afuera, con generosidad, con hidalguía, con señorío de pueblo viejo, que caracteriza a los hombres y a las mujeres de esta tierra.

¡Betanzos es una fiesta permanente!, lo declaro una vez más. Y si ahora, a las puertas de la Virgen de agosto y de la festividad de San Roque, patrono glorioso de la ciudad, la fiesta se dispara y se vuelve por unos días locura de jolgorio y de alborozo, frenesí de disfrute sensorial, al que nadie se niega, es porque todo en esta vida, tanto para los pueblos como para los hombres individualmente, necesita de un **clímax** peculiar, de un máximo de tensión que relaje luego y desahogue de una vez las pasiones largo tiempo reprimidas, poniendo un contrapunto dionisíaco —pero bello y hermoso, necesario contrapunto— a la armonía plácida de la paz, de los días en monótono discurrir.

Fiesta para el cuerpo, fiesta total para los sentidos, fiesta también para el espíritu. He aquí lo que todos sin excepción encontrarán estos días en Betanzos. Y que nadie tome esto como una loa gratuita e interesada para la conquista del visitante. Esta ciudad es por esencia lúdica, sin dejar de ser señorial; es extrovertida, porque así lo son sus gentes; es halagadora del prójimo, cuidada de sí misma, sin perder por ello el refugio de la intimidad familiar. Esta ciudad es un pedazo de historia viva, que ha sido mimada y enriquecida continuamente por la naturaleza. Si la imginásemos por un momento en el esplendor del mundo antiguo, diríamos que Betanzos fue la ciudad predilecta y querida de los dioses, regida por éstos benévolamente, amorosamente, desde un Olimpo imaginario.

La fiesta —toda fiesta humana, hay que aclararlo— no es en sí misma degradante y, por ello, totalmente rechazable. Muy al contrario: la fiesta suele ser, en su raíz, original y creadora de arte. Los estudiosos y analistas de la fiesta, Julio Caro Baroja y Francisco Rodríguez Adrados, así lo han demostrado. Para el caso del nacimiento del teatro griego está hoy claramente probado el influjo de los rituales religiosos de las fiestas agrarias. El ritual mágico, sobre todo, hacía enfrentarse violentamente fuerzas contrarias, provocaba la lucha entre las fuerzas mismas de la Naturaleza y facilitaba el triunfo de una de ellas; como contrapunto, las danzas gerreras, incluso la obscenidad y el sacrificio normalmente cruento. Pero del conflicto entre fuerzas naturales, se pasó en el teatro, en la comedia y en la tragedia, al conflicto entre hombres, que mediante el procedimiento de la **mímesis,** podían representar también a héroes o a dioses. Nacía con ello la representación artística, merced al principio impulsor y benéfico de la fiesta agraria.

La fiesta, en todo caso, con el triunfo de una de las fuerzas en disputa, significa igualmente el triunfo de la imaginación. Vengamos a un ejemplo de la Historia bien conocido por todos vosotros. En esta tierra, un gran caballero medieval, Fernán Pérez de Andrade, señor de La Coruña, de Betanzos y de Pontedeume; señor también de Ferrol, de Neda, de Cedeira, de Santa Marta, de Vivero y de Villalba, anticipó en el siglo XIV la máxima aspiración de don Quijote de servir por igual a las armas y a las letras, fundiendo en una sola aspiración heroica, la realización de grandes empresas y el interés por la cultura de su pueblo. En Betanzos pueden admirarse todavía las construcciones religiosas de aquel gran caballero —el convento de San Francisco, especialmente— y el sarcófago que había costeado para su enterramiento, monumento que más parece una exaltación de la fiesta y de la cinegética medieval. Muchos habrán olvidado, y otros quizá desconozcan, que Fernán Pérez de Andrade fue un gran mecenas de su tiempo, que contribuyó al desarrollo de las letras y de las artes. A él se debe el mandato personal, que cumplió con toda solicitud su capellán Fernán Martís, de redactar en gallego la **Crónica Troyana,** sin duda sobre la base de uno de los textos castellanos existentes, que era con toda probabilidad la versión castellana realizada en tiempo del rey Alfonso XI siguiendo en todo el célebre **Roman de Troie,** escrito a mediados del siglo XII por el clérigo de Touraine, Benoit de Sainte-Maure. Pero, ¿qué es lo que puede deducirse de aquella obra y por qué traerla aquí a colación en este pregón de las fiestas patronales de Betanzos? Creo firmemente que en la intención del gran señor Fernán Pérez de Andrade latía el espíritu lúdico de esta tierra, el empeño de una transformación, de hacer realidad una fiesta imaginativa que acercaba al pueblo, a las costumbres y sentimientos que se vivían en la Edad Media, los hechos y las proezas de

los guerreros antiguos, las gestas de los míticos conquistadores de Troya y de los héroes épicos cantados por Homero. En todo caso, en la fecha de terminación del texto gallego de la **Crónica Troyana** —enero de 1373— Fernán Pérez de Andrade era considerado por su capellán, el clérigo Fernán Martís, «o mellor señor que había entonces en Galicia», y no hay duda que aquella visión actualizada del mundo antiguo, con todos sus anacronismos y rasgos exóticos sobradamente manifiestos, servía intencionadamente a un claro propósito: el de que la Historia y la leyenda tomasen cuerpo en la realidad viva e inmediata de aquel siglo, porque sólo así, como en un paso por el túnel del tiempo que diríamos en el lenguaje de hoy, se podía aprender la lección de que nada de lo que ha ocurrido a los hombres en cualquier época y en cualquier lugar del mundo, nos es realmente ajeno, puesto que somos siempre continuadores de la Historia y, en mayor o menor medida, aun incluso a través de la leyenda, podemos participar, desde una perspectiva a la vez real e imaginaria, de todo lo que ha acontecido en el mundo, o siquiera han proyectado los demás hombres.

Lección de universalidad que cuadraba muy bien al espíritu del gran señor Fernán Pérez de Andrade; lección de apertura al mundo que heredaron de él los betanceiros y que sin duda imprimió carácter para todas la generaciones venideras. No ha sido casual y anecdótico que Betanzos recibiese el título de ciudad —uno de los más antiguos del reino— en el curso del siglo XV cuando todavía no se había completado la Reconquista de España. Eran sus hombres los que recibían tal honor real, caballeros ceremoniosos, leales y arriesgados, en una ciudad que a lo largo de los siglos fue cruce de caminos, ciudad de encuentro de las rutas de Santiago bajo la advocación de la Virgen del Camino, ciudad de fuero desde los tiempos de Alfonso IX y centro de actividad dentro de sus murallas de famosos gremios medievales como los de los labradores y mareantes, gremios que incorporaron sus típicas danzas, ya en fecha relativamente reciente y como una valiosa pervivencia de la tradición, a los festejos patronales de este mes de agosto.

En ser fiel a la tradición y al espíritu lúdico radica la característica esencial de esta ciudad y de sus gentes. Nada hay tan bello, tan digno de admirarse como una elevación del globo grande de Betanzos en la noche estrellada y llena de luz de la fiesta de San Roque. Nada varía en la construción del globo y en su formato desde que Claudino Pita confeccionó sus planos a finales del siglo pasado. Pero la ritualidad casi religiosa con que se prepara su elevación, el donaire y el recreo de que hacen gala los que ayudan a su lanzamiento, confieren a este elemento de la fiesta un rango único y distinto a todo, una peculiaridad que se renueva y se tipifica cada año como si en cada celebración festiva hubiera que esperar aún —y así lo espera enajenado el público presente— que ocurra algún hecho sorpresivo e insólito. Alrededor del fuego, que permite el hinchado y la elevación del globo, los jóvenes lanzadores simulan una ceremonia de adoración y de paganía, y las gentes asisten al espectáculo con la tensión catártica y emocionada de la fiesta.

La elevación del globo grande de San Roque —lo saben bien todos los betanceiros— constituye un número imprescindible de sus fiestas, como acontece también con la poética jira fluvial al campo de los Caneiros. Por un respeto escrupuloso a la tradición heredada, en el espíritu de las gentes se mantienen sin alteración estos números, como componentes fundamentales máximos del programa festivo. Pero hagamos una distinción en este punto: el globo es siempre el mismo, con sus dimensiones invariables, ajustado a los planos de su creador, Claudino Pita; la jira a los Caneiros, en tanto, ha sufrido las variaciones que ha impuesto el tiempo y la organización y transformación de la sociedad. Volviendo por un momento la vista atrás nos damos perfecta cuenta del cambio experimentado: hace un siglo, por ejemplo, y podemos comprobarlo en periódicos de la época, la excursión fluvial al campo de los Caneiros era, al igual que ahora, una fiesta en la que reinaba una franca confraternidad, una sana y espontánea alegría, acompañada del consabido refinamiento gastronómico, elemento natural e inseparable de la excursión. No obstante, la fiesta misma tenía un tono más familiar y tal vez más comedido, y el cronista que hacía su reseña podía realizar uno a uno el recuento de los personajes asistentes, entre los cuales, como no podía ser menos, figuraba el Sr. alcalde con su distinguida familia. Aunque eso sí, no faltaban alegres jóvenes con los cuales iba la música, muchachos «que disparaban multitud de voladores y elevaban preciosos globos» en medio del jolgorio general. En contraste, para los mayores quedaba como de costumbre el recurso habitual: la nostalgia del pasado y de las buenas maneras, los obsequios mutuos y la disposición a entonar canciones de todos los géneros, pero, como dice el cronista, canciones que, en todo caso, fuesen «aceptables en buena sociedad».

Hoy, afortunadamente, la sociedad no conoce esa distinción escalonada de sus miembros. La sociedad democrática es una en su conjunto y a todos alcanza por igual el ejercicio de los derechos y los deberes. En Betanzos, además, la fiesta es eminentemente participativa, vive por el calor del pueblo, por la asistencia masiva de todos los betanceiros. Sólo la hidalguía y el señorío heredados dan a los actos de la fiesta ese carácter que la singulariza, que atrae a los extraños, que fascina a los que, por primera vez, contemplan atónitos el espectáculo de luz, de color, de alegría desbordada en la noche inverosímil de San Roque.

He aquí un lugar ideal para vivir y para morir. Aunque lo parezca, no hay en esto la menor contradicción, porque la muerte es también la necesaria culminación de la vida, el reto último que nos desafía a cada uno de nosotros. Con la fiesta misma, la vida y la muerte se hemanan en Betanzos. El globo grande de San Roque detiene por un instante la marcha del tiempo y, según es creencia popular, viaja inicialmente hacia el camposanto para llevar hasta allí el mensaje de triunfo de su limpia ascensión a quien fue su creador genial, Claudino Pita, el betanceiro querido de las gentes, que duerme ahora, sereno y complacido, el sueño de una noche interminable.

Pero ya la fiesta nos espera a todos, ya nos acucia el fervor popular en el que anónimamente desearíamos perdernos, ya nos urge la liberación de los sentidos de la rutina cotidiana. El humilde pregonero que os habla poco tiene realmente que añadir. Si acaso, como convecino vuestro, como amigo, como betanceiro de adopción, interpretar unos sentimientos muy íntimos y darles cauce en estos tres ruegos:

A los ilustres regidores de Betanzos, que renueven con el voto y la devoción de la ciudad a San Roque el compromiso de servirla con la misma tenacidad que el santo puso en sus actos, pues San Roque ofreció jubiloso su vida a los demás, a los desprotegidos, a los enfermos, a los apestados.

A la gentil reina de las fiestas y a sus damas, que se regocijen con su reinado, porque es lícito hacerlo así en los días venturosos e irrepetibles de la juventud. Pero este reinado, no lo olvidéis, es tal vez una brillante luminaria, un fuego de artificio que surca el cielo, rápido y vistoso, dejando sólo tras de sí una simple estela que

pronto se desvanece.

Y, en fin, a los queridos betanceiros, hombres y mujeres de esta hermosa tierra, desearles de corazón que vivan una vez más la fiesta intensamente, sin sombra alguna de desamor, con la generosa hospitalidad, y el altruismo, que han heredado intactos de sus mayores.

A todos cuantos aquí venís, con emocionado reconocimiento y afecto un doble deseo: que participéis en el alegre bullicio de la fiesta, pero que tengáis también la fiesta en paz.

*Todo esto lo ha dicho el pregonero*
*sin ánimo de herir con la palabra;*
*que la fiesta comienze y ya se abra*
*con Roque de testigo y compañero.*
*Nadie mejor que el santo viajero*
*para aliviar a quien la tierra labra;*
*él cuida que la llaga no reabra,*
*que el hombre siga al pie de su sendero.*
*Así se hace verdad la profecía,*
*el milagro del santo bien amado*
*que a todos nos protege cada día.*
*Ascua de luz en cielo plateado,*
*por él la fiesta es canto de alegría,*
*fiesta de amor con voto renovado.*

José Antonio Míguez



*Don José Antonio Míguez felicitado polo Alcalde don Manuel Lagares*



*15 de agosto de 1987*

*As 17,45 tivo lugar na Praza da Constitución a coroación da Raíña Infantil das Festas de San Roque, dona Lucía López Rodríguez, por parte do Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez. A continuación foi pronunciado o pregón infantil das festas por don José Tomás Díaz Teijo.*

# Función do voto (16 de agosto)

## Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da cidade

Señor San Roque: Un ano máis preséntome ante Ti como Alcalde de Betanzos e na compaña de Autoridades, representacións e cidadáns, quéroche trasmitir o noso recoñecemento e gratitude, que antes de min che presentaron outros rexidores, e que supón unha mostra dun pobo agradecido a quen o axudou e lle prestou auxilio nunhos momentos de grande dificultade e perigo.

Coñecendo a túa capacidade de entrega e sacrificio ós demáis, sei que esta humilde invocación non sería necesaria, pero como representante dun pobo xeneroso e recoñecedor da túa bondade, quero pregarche novamente que protexas a tódolos betanceiros e dun xeito especial ós máis humildes, ós enfermos, ós que non teñen traballo, ós máis desfavorecidos e necesitados, a todos aqueles que máis necesitan da túa protección e axuda, e lles permitas que poidan cumprir da forma máis humana e altruista posible a importante misión para a que están destiñados.

Encamíñanos a tódolos gobernantes e persoas con responsabilidades sociais para que coa toma de decisións e a aplicación das medidas que vexamos máis axeitadas, poidamos dar satisfaccións individuais e colectivas que permitan que os cidadáns poidan disfrutar dunha vida digna, onde a familia represente o xérmolo dunha sociedade que teña como principios prioritarios do seu desenvolvemento a aceptación de tódolos membros, nun ambiente de paz, tolerancia, convivencia, fraternidade e solidaridade.

Vislumbro que a túa mediación vai dirixida neste sentido, polo que che agradezo a túa axuda e sei que nos próximos tempos tódolos cidadáns poderán ver cumpridas as súas aspiracións imprescindibles, mercede á túa boa disposición en defensa de quenes máis te necesitan. Por iso nestas festas na túa honra, imos disfrutar con sana alegría estreitando o noso irmanamento, coa seguridade de que na próxima presentación ante Tí, teremos que seguir dándoche as maís expresivas gracias que agora che fago chegar co recoñecemento de tódolos cidadáns.




*16 de agosto de 1987*

*Dentro do programa das Festas de San Roque, hai que destacar a elevación do tradicional GLOBO DE SAN ROQUE, o máis grande do mundo feito de papel. Calcúlase que foron unhas 40.000 persoas as que este ano viron botar o Globo que retrasou a súa marcha debido a unha lixeira choiva. Con este ano son xa 112 que o fai a Familia Pita desde que recollera esta tradición don Claudino Pita. Este ano, por primeira vez, a «Asociación Infantil y Juvenil Santo Domingo» editou ós poucos días un folleto no que se recollen tódolos debuxos que levaba o Globo, feitos por Antonio Palla, Juan Manuel Andrade, Lito Muñoz e Luis Carlos Galán. Reproducimos ademais a vitola que se editou especialmente polo «Grupo Vitofílico de La Coruña» dentro da mostra de vitolas que organizaou en Betanzos, nestas festas. Representa precisamente o Globo de San Roque.*

*18 e 25 de agosto de 1987*

*Todo o día 18 miles de persoas de Betanzos e de fora embarcaron Mandeo Arriba cara ós Caneiros. O 25 tiveron lugar «Os Caneiros da Coruña». Na lancha municipal ía o Alcalde, don Manuel Lagares Pérez, acompañado dos invitados de honra que entre outros foron: o capitán xeral da VII Rexión Militar, don Francisco Martínez Pariente; o gobernador civil, don Andrés Moreno Aguilar; o parlamentario galego, don Antolín Sánchez Presedo; o secretario de Estado para a Pesca, don José Loira; o deputado provincial don Antonio Lagares... Unhas 200 embarcacións levaron río arriba e abaixo a festa no medio da Natureza unha vez máis.*



*24 de agosto de 1987*

*Na Sala Capitual do Concello tivo lugar un acto de recepción do Alcalde e Corporación Municipal ós emigrantes betanceiros dentro do «Día de Galicia» nas festas patronais.*

*28 de agosto de 1987*

*No salón de sesións do Pazo Provincial da Diputación da Coruña, o presidente da mesma, don José Manuel Romay Beccaría fixo entrega dunha placa ó club de piragüismo «Ría de Betanzos», en recoñecemento á sua laboura e éxitos obtidos. A placa foi recollida por don Roberto Medín, campeón de España na categoría de cadete. O acto asistiron 25 persoas entre deportistas e directivos do citado club betanceiro. Días antes (o 4 de agosto) foron así mesmo recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde don Manuel Lagares, e outras autoridades municipais.*



*30 de setembro de 1987*

*Neste día tomaron posesión dos seus cargos os novos conselleiros da Xunta de Galicia pertencentes o PS de G-PSOE, Coalición Galega e Partido Nacionalista Galego. Previamente houbera unha moción de censura que rematou coa maioría relativa no Parlamento e co goberno de Coalición Popular. Un dos novos conselleiros é don Antolín Sánchez Presedo.*
*Don Antolín Sánchez Presedo naceu en Betanzos o 5 de abril de 1955 na casa n.º 16 da rúa do Valdoncel. Está casado con dona Patricia Abeal Pérez e ten dúas fillas xemeas, Patricia e Xulia. É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, rematados os seus estudios en 1977 e estableceu, pouco despois, bufete como abogado na súa cidade. Formou parte da Corporación Municipal de Betanzos dende 1979, ano no que é elexido concellal pola lista do Partido Socialista de Galicia-PSOE. No Congreso do seu partido celebrado en Betanzos en 1981 entra a formar parte da Comisión Executiva como secretario de Emigración pasando a ocupar a vicesecretaría xeral no Congreso Extraordinario de Lugo de xuño do mesmo ano. É deputado no Parlamento de Galicia desde a primeira lexislatura.*
*En maio de 1983 foi elexido Alcalde de Betanzos ó obter a candidatura municipal socialista a maioría absoluta da Corporación. Ostentou este cargo ata o 30 de novembro de 1985 en que dimitiu como consecuencia do sistema de incompatibilidades establecido na nova lei de Eleccións ó Parlamento Galego, continuando como concellal ata o remate do mandato.*
*No congreso de Ourense de Xaneiro de 1985 foi elexido secretario xeral do PS de G-PSOE e en decembro do mesmo ano, secretario xeral do Grupo Parlamentario Socialista do Parlamento Galego. E, así mesmo, fundador e patrono da Fundación Celso Emilio Ferreiro. O 30 de setembro de 1987 foi nomeado Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia.*



*9-12 de outubro de 1987*

*Comenzou o «XIV Congreso Nacional de Cronistas Oficiales de España», organizado polo Concello de Betanzos no que participaron 65 congresistas. O día 9 tivo lugar o acto de inauguración oficial na Sala Capitual do Concello baixo a presidencia do Alcalde, don Manuel Lagares, e coa presencia entre outras personalidades, do Conselleiro de Ordenación e Obras Públicas, don Antolín Sánchez Presedo e do Presidente da Deputación Provincial, don José Manuel Romay Beccaría. Acto seguido tivo lugar a primeira sesión de traballo co pronunciamento da conferencia sobre «Torres, pazos y linajes» por parte do presidente da «Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario», don Carlos Martínez Barbeito. O programa de actividades foi moi amplo, tendo por escenarios así mesmo: o Mosteiro de Sobrado, Compostela, A Coruña, o Pazo de Mariñán..., O congreso adicouse a Fernán Pérez de Andrade que hai 600 anos «fezo» o «moesteiro» de San Francisco de Betanzos.*

*15 de outubro de 1987*



*Este día foi nomeado don Xosé Luis Lagares Pérez director xeral de Planificación Económica e de Coordinación de Inversións da Xunta de Galicia. Don Xosé Luis Lagares naceu en Betanzos o 24 de xullo de 1944; está casado con dona María de los Angeles Fernández Baladrón e ten unha filla e un fillo. E oficial (titulado superior) da Marina Mercante. En 1973 obtivo o «Master of Business administration» pola Universidade de Columbia (U.S.A). Como oficial da Marina Mercante pertenceu á Empresa Nacional El Cano e máis tarde á «Esso Standard Oil» e á «Hapag Lloyd», sendo nesta última empresa ascendido a inspector. No ano 1974 voltou a España como inspector e delegado de «Off-Shore-España S.A.», sendo nomeado no 1975 conxuntamente xefe de inspección de «Off-Shore-España S.A.», de Naviera Eco, de Naviera Trafinasa e de Naviera Cánovas del Castillo. En 1977 entrou en Sidegasa onde ocupou o cargo de xefe da división de aprovisionamentos e transportes da factoría. O Ministerio de Industria nomeouno en 1985 Director da ZUR (Zona de Urxente Reindustrialización de Galicia) Subzona de Ferrol e en 1986 Director Xeral da ZUR de Galicia, cargo que ocupaba antes de outubro de 1987.*

*15 de outubro de 1987*



*Neste día don Valentín Souto García foi nomeado director xeral de Ordenación Territorial e Calidade Ambiental da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Previamente, no mesmo ano, o Concello de Betanzos nomeaoo arquitecto superior en propiedade, en virtude de concurso público de méritos, cargo que xa viña desenrolando como contratado desde o 1 de xaneiro de 1984.*

*Don Valentín Souto é natural da Coruña. Foi (1982-3) arquitecto do «Servicio de Catastro y Valoración Urbana...» no Ministerio de Facenda. Vocal (1982-3) da «Junta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria Urbana de Galicia», do mesmo ministerio. Profesor (1984-1986) da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Coruña. Profesor (desde 1986) asociado da Universidade de Santiago impartindo a docencia na disciplina «Trabajos fin de carrera» no Departamento de Construccións Arquitectónicas. Participou na Comisión de Seguimento da Redacción das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Betanzos. Foi responsable ou membro de diversas comisións, xa sexa a nivel persoal ou xa como representante do Colexio de Arquitectos de Galicia... Sería longo enumerar tódolos seus proxectos e informes realizados tanto dentro coma fora do Concello de Betanzos.*

*16 de outubro de 1987*

*Unha vez celebradas as eleccións nos distintos barrios do Concello para elexir ós alcaldes de barrio que formarán parte do Consello de Acción Rural, constituiuse na Sala Capitular do Concello o dito Consello, tendo lugar previamente a toma de posesión dos distintos alcaldes de barrio. O Consello quedou constituido do seguinte xeito: presidente de honra, don Manuel Lagares Pérez, Alcalde da cidade; presidente efectivo, don Antonio Lagares Pérez, delegado de Urbanismo e Medio Ambente; vicepresidente, don José Ramón García Vázquez, delegado de Acción Rural. Como vocais: don Roberto Ferreño Otero, alcalde do barrio de Infesta; don Jesús Fraga Gómez alcalde de barrio das Viñas, A Angustia; don José Vázquez Barbeito, alcalde de barrio de Castro Pontellas; don Manuel Rey Casal, alcalde de barrio de Guiliade; don Hipólito Valiño Espido, alcalde de barrio de Piadela, Viladesuso e Viuxe; don Antonio Sánchez Charlón, alcalde de barrio de Xanrozo, A Graña, Requián e Montellos; don Andrés Grandal Vidal, alcalde de barrio de Tiobre; don José M. Romay Ares, alcalde de barrio da Pontevella, e don Manuel Carro Purriños, alcalde de barrio de Bravío.*



*22 de outubro de 1987*

*No Museo de Bellas Artes da Coruña inaugurouse a mostra «Restauración del Apostolado Barroco del Hospital de San Antonio de Padua». A dita restauración realizouna a coruñesa dona Beatriz Martínez Barbeito. O acto estivo presidido por don José Manuel Romay Beccaría, presidente da Deputación a quen acompañaban o director do museo, don Félix de la Fuente Andrés e o concellal betanceiro don Manuel Justo Vázquez Míguez.*



*6 de novembro de 1987*

*O Concello de Betanzos fixo unha homenaxe a don Vicente Rey Datorre, que vive no lugar de Lanza, Tiobre, con motivo de cumplir ese día 100 anos. A delegación municipal estaba encabezada por don Manuel Lagares Pérez, Alcalde da cidade e outros membros da Corporación.*

*Comenzos de novembro de 1987*

*O betanceiro don Xosé Ramón Pena foi o ganador do IV premio de novela «Xerais» coa súa obra «Para despois do adeus». Naceu este escritor en Betanzos, no lugar de Souto na Infesta, en setembro de 1956. Cando tiña oito anos, debido á profesión de seu pai (ferroviario) e aínda que os seus avós paternos levasen un muiño de auga perto de Cortiñán (Bergondo) e os seus avós maternos se dedicasen á compra-venda de cuxas nas feiras, trasladouse coa súa familia a vivir á Coruña, ó barrio da Agra do Orzán. No instituto do mesmo nome (que se creou daquela) rematou o bacharelato. Licenciouse en Filoloxía Hispánica e logo tamén en Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. Empezou a traballar no mundo da radio («Radio Nacional») e do xornalismo («El Ideal Gallego» e «La Voz de Galicia») para máis tarde, dedicarse ó ensino. Dou clases en Vigo e en Cangas e agora é profesor de língua e literatura galegas no Instituto «Santa Irene» de Vigo onde ten praza definitiva desde hai cinco anos. Ademáis colabora en diversos periódicos («El Ideal Gallego», «La Voz de Galicia» «Faro de Vigo» e, na actualidade, «Atlántico Diario») e máis en revistas (Nova Galiza)!*



*Decembro de 1987*

*O profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Navarra, o betanceiro don Francisco Iglesias participou en Venezuela como conferenciante principal nas primeiras «Jornadas de relaciones públicas de la industria petrolera, petroquímica y carbonífera nacional» celebradas na sede de IDEA (Instituto Internacional de Estudios Avanzados) de Caracas. En unión do profesor John Leckentby da Universidade de Texas, Austin (USA), foi un dos dous expertos extranxeiros nas xornadas ás que durante tres días asistiron máis dun centro de comunicadores sociais das industrias do petróleo. O seu tema titulouse, «Empresa y comunicación empresarial».*



*8 de decembro de 1987*

*Despois de moitos anos de silencio, de novo voltou ás rúas «O Turito» acompañado do pífano e tambor que coa música e a letra dunha canción popular e específica chamaba a reunión ós cofrades da Cofradía da Concepción. Desaparecida hoxe esta cofradía, «O Turito» chamou a todo o mundo para que acudise á Igrexa de San Francisco ás solemnidades en honra da Inmaculada.*



PREMIOS EDIMSA 1987

MEDICO DEL AÑO

Dr. JOSE MANUEL MARTINEZ LAGE

*Director del Servicio de Neurología de la Clínica Universitaria de Navarra y vicepresidente de la Federación Mundial de Neurología, el doctor Martínez Lage ha obtenido el premio otorgado por CONSULTA al «Médico del Año», en su cuarta edición, con el que distingue sus relevantes méritos profesionales.*

*Mediados de decembro de 1987*

*O betanceiro don José Manuel Martínez Lage, catedrático de Neuroloxía da Universidade de Navarra recibiu o galardón de Médico do ano 1987*

*22 de decembro de 1987*

*O pleno da corporación Muinicipal acordou incorporar ó inventario de bens do Concello as Escolas García Irmáns, cedidas pola familia.*